


SUBMISIÓN URBANA

OS NEOFILLOS

“Muller, aí tes o teu fillo”

A muller nova érgueo con coidado, acaríña as orellíñas, apértao e lévao entre os brazos. Almorzan e saen pasear, paran cada pouco, saúdanos na rúa, e a el fanlle garatuxas, para que ría, máis so escoitan un son rabioso. Ela ten que asubiarlle algo doce para o sosegar. Van ao parque e xogan coa pelota, pasan onda o areeiro, quedan poucos nenos. Sentan nunha cadeira de metal laminado xunto á fachada dun edificio novo. Ao pouco sérvенlle o xume. A muller deixou o bolso noutra cadeira e no colo ten ao canciño, co dedo debuxa corazóns nas súas costas.



As persoas ampararon os lobos, proporcionáronlles sustento condicionado baixo a conduta submisa. Agora, reprimidos os instintos primitivos; os animais, domesticados, non é difícil para nós inventar as súas propias palabras, explicar a súa conduta, imaxinar o seu afecto e correspondelo. Enchemos con xoguetes os nosos recunchos baleiros, aliméntanos saber que a súa existencia depende da nosa. Así, cremos entender entre os ruídos da súa linguaxe secreta que nos queren. Exercemos tal dominación sobre os nosos animais, tal poder, que construímos con emocións persoais a súa vida. Enchen os espazos, camiñan polas rúas e xogan nos parques. Ocupan o lugar definitivo do fillo apreciado, un fillo modelable, que ornamos, que atamos cun lazo invisíbel e fondo, non o do amor ou do respecto, senón o xugo da necesidade. Os nenos, as persoas, impulsados polo latexo esencial do ser humano, a liberdade, elixen, comprenden, non podemos arrastralos e levalos, deseñar a súa conduta. Entendemos o amor como acto de renuncia, como entrega, o ser amado como obxecto posuído, parte da herdanza material da memoria. Valoramos a obediencia por riba da crítica, o silencio, o medo, por riba da vontade, non queremos seres que nos queiran, queremos seres que non poidan non querernos.

Cita

Nelson Mandela: “Nada di máis da alma dunha sociedade que a forma na que trata os seus fillos”